

Traballo elaborará unha ferramenta para favorecer unha xestión das pemes desde unha perspectiva socialmente responsable



- ▶ O director xeral de Relacións Laborais, Odilo Martiñá, participou na 'Xornada Corresponsables: A Responsabilidade Social en Galicia'
- ▶ Esta ferramenta informática posibilitará ás pemes e aos emprendedores autónomos a elaboración dun autodiagnóstico e de memorias de RSE

A Escola Cooperativa Móbil percorrerá Galicia para divulgar as potencialidades do cooperativismo entre a mocidade



- ▶ Trátase dunha iniciativa incluída na campaña 'Cooperativízate, suma forzas!' de fomento do cooperativismo
- ▶ A Aula Móbil visitará 25 centros de ensino nas catro provincias, onde se pretende chegar a máis de 2.000 estudantes.

Informe do paro rexistrado

Galicia rexistrou no mes de outubro un total de 267.812 persoas desempregadas

Sumario	Relacións laborais	2-4	Política social	8
	Seguridade e saúde laboral	4	Xuventude e voluntariado	9
	Formación e emprego	5-7	Publicacións	10-11
	Informe do paro rexistrado	7	Normativa	12-18

Créditos	Edita: Consellería de Trabajo e Benestar
	Elaboración: Sección de Publicacións e Estatísticas
	Coordinación: Pepa Dabán Royo
	Maquetación: Antonio Lameiro Ces
ISSN: 2254-7835	

Traballo destina 3,2 millóns de euros a concellos e entidades sociais para a contratación de axentes de emprego

- ▶ O Diario Oficial de Galicia publica dúas convocatorias de subvencións que teñen como obxectivo principal o fomento do emprego
- ▶ Por unha banda, o departamento autonómico inviste 2,2 millóns de euros para a contratación, a través de subvencións ás entidades locais, de persoal para o mantemento da Rede de Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local (AEDL)
- ▶ A segunda liña de subvencións conta cun investimento de preto dun millón de euros para a prórroga da contratación duns 40 axentes de emprego a través de entidades sociais vinculadas á discapacidade e á loita contra a exclusión social

Relacións laborais

Traballo elaborará unha ferramenta para favorecer unha xestión das pemes desde unha perspectiva socialmente responsable



- ▶ O director xeral de Relacións Laborais, Odilo Martiñá, participou na 'Xornada Corresponsables: A Responsabilidade Social en Galicia'
- ▶ Esta ferramenta informática posibilitará ás pemes e aos emprendedores autónomos a elaboración dun autodiagnóstico e de memorias de RSE
- ▶ A elaboración da ferramenta informática é unha das medidas recollidas no Plan estratéxico galego de responsabilidade social empresarial 2011-2014 debatido no seo do diálogo social

Santiago, 8 de outubro de 2012.- A Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar está a traballar na elaboración dunha ferramenta informática que posibilita ás pemes e aos emprendedores autónomos a elaboración dun autodiagnóstico e de memorias de Responsabilidade Social Empresarial (RSE) conforme aos criterios de Global Reporting Initiative (GRI) ou ben

dos informes de Progreso do Pacto Mundial ou en base aos indicadores do Consello estatal de RSE.

O director xeral de Relacións Laborais, Odilo Martiñá, participou hoxe na 'Xornada Corresponsables: A Responsabilidade Social en Galicia' e indicou que as pequenas e medianas empresas galegas "non poden quedarse á marxe da RSE, xa que esta representa o modelo de xestión por onde deben

ir as organizacións" porque valores como o diálogo, a cooperación, a solidariedade, a comunicación ao a transparencia "deben ser o camiño que nestes momentos difíciles" debe seguirse.

Martiñá incidíu en que a RSE "non é un gasto senón unha maneira distinta de xestionar", polo que a Administración autonómica está a traballar para que esta filosofía cale nas empresas co desenvolvemento dunha serie de iniciativas, en paralelo coas tendencias que se están a dar no marco do Consello Estatal de Responsabilidade Social Empresarial (CERSE).

A elaboración da ferramenta informática é unha das medidas recollidas no Plan estratéxico galego de responsabilidade social

empresarial 2012-2014 debatido no seo do diálogo social e que constitúe unha folla de ruta para contar con empresas máis competitivas, máis responsables, cuns traballadores que poidan experimentar melloras como o acceso á conciliación da vida persoal e familiar, a igualdade de xénero e de oportunidades ou o respecto ao medio ambiente.

O Plan estratéxico conta con tres obxectivos xerais: a formación, o coñecemento e a difusión da RSE; impulsar o incremento do número de empresas que incorporen prácticas socialmente responsables na súa xestión diaria; e actuar desde a propia Administración como primeiro exemplo e como mostra visible do camiño a seguir.

<http://rse.xunta.es/index.php?lang=gl>



Traballo elabora un estudo sobre os horarios nas empresas para favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral

- ▶ O director xeral de Relacións Laborais, Odilo Martiñá, participou no 'VII Congreso Nacional para racionalizar horarios españois' que se celebrou en Madrid
- ▶ O estudo amosa que o 78% das persoas preguntadas considera que unha maior presenza horaria no traballo non incrementa a produtividade e incluso a diminúe

Santiago, 9 de outubro de 2012.- A dirección xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar elaborou un estudo sobre a racionalización dos horarios nas empresas da nosa comunidade. Este estudo enmárcase na aposta da Xunta por promover a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

O director xeral de Relacións Laborais, Odilo Martiñá, participou en Madrid no 'VII Congreso Nacional para racionalizar horarios españois' e indicou que a preocupación polo establecemento duns horarios laborais racionais ocupa un lugar importante para a Administración galega, "non só para promover a conciliación, tamén para mellorar

outros aspectos básicos da estrutura empresarial, social e familiar".

Así, a través do estudo elaborado pola Consellería de Traballo e Benestar, constatouse que o 78% das persoas preguntadas considera que unha maior presenza horaria no traballo non incrementa a produtividade e, nalgúns casos, incluso a diminúe. Do mesmo xeito que o 83% das persoas enquisadas recoñece que as empresas galegas serían máis competitivas se adaptasen os seus horarios aos das empresas europeas.


O director xeral tamén salientou que a pesar de que o 51% das persoas preguntadas considera que o seu horario non favorece a conciliación, o 81% sinala que non teñen

previsto cambiar os horarios da súa empresa nun futuro próximo.

Martiñá incidíu en que este estudo "é un paso máis para tratar de mellorar as posibilidades de conciliación da vida persoal, familiar e laboral dos traballadores e traballadoras galegos" que afecta aspectos tan importantes como o incremento da produtividade, a redución da sinistralidade laboral, ou a mellora da calidade de vida dos traballadores.

Ademais, o Goberno galego ten posto en marcha outras actuacións co fin de promover a conciliación e mellorar a racionalización dos horarios. Entre estas actuacións, púxose en marcha o Proxecto Kronos, mediante o cal se poderán acreditar dixitalmente os empregados públicos permitindo que se acollan ás

vantaxes da flexibilidade laboral. Outras das accións destacadas son as axudas do Programa Emega, para o apoio ás mulleres emprendedoras, os programas de apoio á conciliación da vida laboral e familiar, as axudas para a implantación de plans de igualdade nas empresas galegas e a Marca Galega de Excelencia en Igualdade, que xa posúen dúas empresas na nosa comunidade.



ESTUDIO RACIONALIZACIÓN DE HORARIOS

<http://rse.xunta.es/index.php?lang=gl>

A Escola Cooperativa Móbil percorrerá Galicia para divulgar as potencialidades do cooperativismo entre a mocidade

Santiago, 13 de outubro de 2012.- A Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Relacións Laborais, leva a cabo un labor de fomento e promoción de cooperativismo en Galicia baixo o slogan 'Cooperativízate, suma forzas!'. Neste caso, unha das súas iniciativas, a Escola Cooperativa Móbil, percorrerá Galicia para divulgar as potencialidades do cooperativismo entre a mocidade.

Na Escola Cooperativa Móbil ofrecerase a información máis actualizada e completa sobre o cooperativismo, orientación especializada da man de técnicos especializados e un programa de actividades moi atractivo, co obxectivo de situar nun primeiro plano o cooperativismo como unha opción laboral de futuro. A aula estará dotada dos

medios tecnolóxicos e didácticos necesarios e mostrará aos mozos o cooperativismo como vía de acceso ao mercado laboral.

Os obxectivos que se intentan acadar na Aula Móbil son divulgar e fomentar o espírito emprendedor entre a xuventude; divulgar e fomentar o cooperativismo entre a xuventude; presentar o autoemprego en xeral e o cooperativo en particular como fórmula viable, desexable e aconsellable para acadar un traballo de calidade e satisfactorio; visibilizar as cooperativas como unha alternativa real ao desemprego; concienciar as persoas participantes da importancia das habilidades sociais nun proxecto común; e formar as persoas participantes na preparación dun proxecto cooperativo, mediante a titorización na elaboración

dun plan de empresa, de xeito que contén coa capacitación necesaria para levar á práctica unha idea.

Tamén se contará con diferente material divulgativo de contido cooperativo que estarán incorporados á biblioteca da Aula Móbil co fin de facilitar o acceso e/ou préstamos ao persoal docente e alumnado dos centros educativos.

A Aula Móbil viaxará de forma itinerante por toda Galicia durante o curso escolar 2012-2013 e visitará 25 centros de ensino nas catro provincias, onde se pretende chegar a máis de 2.000 estudantes que pola súa idade estean a piques

de rematar os seus estudos e teñan que tomar unha decisión sobre o seu futuro laboral. Tamén se ampliarán os coñecementos de cooperativismo a máis de 70 profesores para que a campaña teña continuidade a través do seu labor docente.

En concreto, a Aula Móbil visitará Santiago de Compostela, Ferrol, Verín, A Pobra de Trives, Sarria, Lugo, Castro de Rei, Ribadeo, Xinzo de Limia, A Coruña, Culleredo, Oroso, Boimorto, Arzúa, Boiro, Pontevedra, Redondela, Pontearreas, Vigo e Ourense.

<http://cooperativizate.cooperativasdeg Galicia>



Relacións laborais

O ISSGA colabora coa autoridade sanitaria para mellorar o coñecemento das pataloxías de orixe laboral

- ▶ A directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), Adela Quinzá-Torroja, impartiu en Vigo a conferencia inaugural da xornada 'Medicina do Traballo. Reto e Realidade'
- ▶ Traballo colabora con Sanidade na vixilancia epidemiolóxica da saúde laboral e dos traballadores expostos ao amianto, entre outras actuacións
- ▶ Quinzá-Torroja destacou que tamén se está a colaborar nos casos de sospeita de enfermidade profesional

Vigo, 25 de outubro de 2012.- O Plan de actividades do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) para este ano inclúe diversas actuacións en colaboración coa autoridade sanitaria encamiñadas a mellorar o coñecemento das pataloxías de orixe laboral e das enfermidades profesionais. Así o destacou a directora deste organismo, Adela Quinzá-Torroja, na conferencia inaugural que impartiu na xornada 'Medicina do Traballo. Reto e Realidade', que está a organizar a Sociedade Galega de Medicina do Traballo (Sogrametra).

Quinzá-Torroja sinalou que o ISSGA está a desenvolver

diversas medidas de colaboración coa Consellería de Sanidade para establecer mecanismos concretos de cooperación en catro áreas fundamentais: no intercambio de información relativa a datos de exposición e vixilancia da saúde de traballadores expostos ao amianto; na vixilancia epidemiolóxica da saúde laboral; no asesoramento e asistencia técnica por parte do ISSGA na autorización das condicións sanitarias dos servizos de prevención; e na comunicación das desviacións detectadas polo ISSGA nas actuacións sanitarias dos servizos de prevención.

Así mesmo, a directora do Instituto expuxo que se está a traballar en colaboración con Sanidade nos

casos de sospeita de enfermidade profesional para mellorar o recoñecemento e declaración das enfermidades profesionais ou de orixe laboral e os sistemas de información nesta materia. "Estamos a identificar os sectores laborais de maior risco e visualizar enfermidades profesionais en actividades ata agora non presentes e investigar, a solicitude da autoridade sanitaria, as comunicacións de sospeita de enfermidades profesionais", apuntou Quinzá-Torroja.

Ao respecto, lembrou que a Xunta está a elaborar o mapa de enfermidades profesionais de Galicia para coñecer a evolución temporal da incidencia destas pataloxías e a súa distribución territorial.

Así mesmo, a directora do ISSGA explicou que outras accións do ISSGA están tamén encamiñadas a mellorar a saúde laboral no traballo como a análise da sinistralidade laboral en profesións feminizadas ou a colaboración con

outras comunidades autónomas para mellorar a vixilancia da saúde no sector pesqueiro.

Por último, Quinzá-Torroja fixo referencia ao Plan estratéxico de prevención de riscos Laborais en Galicia 2011-2014 que está a desenvolver a Xunta; un documento que inclúe, entre outras actividades, a potenciación da formación en materia de prevención de riscos laborais ou a mellora do nivel do coñecemento, análise e investigación en materia de seguridade e saúde laboral. Outro dos obxectivos deste plan é a formación continua dos profesionais da prevención coa realización de accións formativas dirixidas, entre outros, ao persoal sanitario con responsabilidades en patoloxía laboral. Tamén destacou os programas de redución da sinistralidade que se están a levar a cabo como o destinado para a protección das traballadoras embarazadas ou o dirixido a loitar contra os accidentes por sobreesforzos.

A sinistralidade laboral diminuíu nun 25,94% nos nove primeiros meses do ano

Santiago, 1 de novembro de 2012.- A sinistralidade laboral diminuíu nun 25,94% nos nove primeiros meses do ano, cun total de 17.622 accidentes laborais fronte aos 23.793 no mesmo período do ano 2011.

Este descenso dos accidentes laborais produciuse en todas as provincias: nunha porcentaxe do 30,83% en Pontevedra, nun 25,92% en Lugo, do 23,07% na Coruña e do 20,55% en Ourense.

Para ter unha visión precisa da evolución da sinistralidade laboral, utilízase o índice de incidencia, que compara o número de accidentes co número de traballadores coas continxencias profesionais cubertas.

Os datos da incidencia tamén reflicten o descenso da sinistralidade, sendo a diminución no total de Galicia do 22,28% e os datos da diminución por provincias os seguintes: 26,79% en Pontevedra, 22,43% en Lugo, 19,69% na Coruña e 16,99% en Ourense.

Sinistralidade laboral en setembro

O total dos accidentes laborais en xornada laboral rexistrados en Galicia en setembro do 2012

descendeu un 39,60%. Neste mes rexistráronse 1.856 accidentes fronte aos 3.073 accidentes rexistrados no mesmo mes do ano anterior.

Do total dos accidentes, 1.811 foron accidentes leves, 42 graves e 3 mortais.

O índice de incidencia do total dos accidentes en xornada laboral

en Galicia, descendeu un 37,57% en setembro deste ano respecto ao mesmo mes do ano anterior. Descendeu a incidencia en todos os sectores: na construción foi do 45,00%, na agricultura foi do 39,92%, na pesca do 37,82%, na industria do 37,24% e nos servizos do 31,11%.

http://www.issga.es/html/public/estadisticas_galicia_lista.php?listar=SINISTRALIDADELABOR&subopcion=mensuais



Formación e emprego

Máis de 1.300 desempregados beneficiaranse dos 43 obradoiros de emprego que se porán en funcionamento este trimestre

- ▶ A Consellería de Traballo e Benestar destina máis de 10 millóns de euros a estes programas mixtos de formación e emprego
- ▶ O fin último destes programas é acadar a inserción no mercado laboral da maioría dos seus participantes procedentes de máis de 75 concellos de Galicia e seis mancomunidades
- ▶ A iniciativa, que se desenvolverá durante un período de 6 meses, beneficiará a máis de 1.300 persoas

Santiago, 23 de outubro de 2012.- A Consellería de Traballo e Benestar beneficiará ata o 30 de decembro a máis de 1.300 persoas a través dos obradoiros de emprego, dentro dos seus programas mixtos de formación e emprego (máis de 1.100 alumnos e alumnas dos obradoiros de emprego e outros 200 que ocuparán os postos directivos de xestión e docencia). Na convocatoria deste ano, o departamento autonómico destinará 8 millóns de euros en 2012 e máis de 2 millóns en 2013 a un total de 43 proxectos que teñen como obxectivo último acadar a inserción no mercado laboral da maioría destas persoas.

O Goberno galego espera que preto dun 70 por cento dos participantes cheguen á meta final deste programa, a inserción real no mercado laboral. Esta previsión faise tendo en conta os resultados de ocupación laboral que recolle o Servizo Público de Emprego Estatal para estas accións concretas.

Estes programas mixtos de formación e emprego teñen unha dimensión tripla. Por unha banda, busca mellorar a empregabilidade dos traballadores ao ofrecerlles unha formación para o emprego

en alternancia co desempeño dunha actividade real e produtiva de calidade, da man dos expertos que as imparten; por outro lado, ten unha notable utilidade social, xa que acada a realización de actuacións de mellora das dotacións públicas no ámbito local, que repercuten na mellora da calidade de vida e dos servizos para toda a sociedade; e, por último, estes programas permiten a colaboración institucional entre a Xunta e as entidades locais que promoven estas accións.

Os obradoiros de emprego destínanse aos colectivos de desempregados e desempregadas que teñen especiais dificultades de inserción no mercado laboral. Na selección dos alumnos participantes valorárase, de xeito preferente, as persoas desempregadas que teñan esgotadas as prestacións por desemprego, dada a complicada situación do mercado laboral.

Para poder participar nestes proxectos as persoas interesadas deben estar en situación de desemprego e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia e ter 25 ou máis anos de idade. Finalmente deben cumprir tamén

os requisitos establecidos para poder formalizar un contrato para a formación.

As persoas desempregadas participantes como alumnado traballador percibirán o Salario Mínimo Interprofesional, 641,40 euros ao mes durante os 6 meses que durarán estes proxectos.

A comisión de valoración deste ano aprobou un total de 43 proxectos. Nesta convocatoria as entidades promotoras debían contar no seu ámbito territorial cun mínimo de 500 persoas desempregadas. Requisito que non era de aplicación cando se asociaban, cando menos, tres concellos limítrofes para o desenvolvemento dun obradoiro de emprego, tratando de fomentar deste xeito a agrupación de concellos para que resultaran beneficiados un maior número deles. Os concellos favorecidos polo desenvolvemento deste programa son, en total, 75, ademais de seis mancomunidades.

Na valoración dos proxectos tivéronse en conta ata un total de 13 criterios: número de persoas desempregadas; ámbito xeográfico de actuación; perspectivas de emprego do colectivo participante; adaptabilidade do proxecto para a participación dos sectores

sinalados como preferentes polo Servizo Público de Emprego de Galicia; carácter innovador do plan; a dedicación á implantación de servizos personalizados de carácter cotián; a calidade do proxecto e do

plan formativo cara á obtención do certificado de profesionalidade; o ámbito de actuación superior ao municipal e as achegas da entidade promotora; a participación dos axentes económicos e sociais e o número de proxectos similares promovidos con anterioridade pola entidade solicitante, así como os seus resultados cualitativos e cuantitativos.

Contidos formativos

Todos os alumnos traballadores participantes, ademais da formación profesional para o emprego adecuada ás esixencias dos certificados de profesionalidade durante toda a duración do proxecto, reciben orientación e asesoramento profesional, empresarial e laboral, as competencias clave cara á obtención, se é o caso, dos correspondentes certificados de profesionalidade, educación compensatoria: para os que non alcanzasen os obxectivos da ESO e módulos de seguridade e saúde no traballo, alfabetización informática, sensibilización medio ambiental e en igualdade de xénero.

As actividades que se realizan nos obradoiros teñen que ver coa recuperación ou promoción do patrimonio histórico, artístico, cultural ou natural. Tendo en conta as peculiaridades da situación demográfica galega e o envellecemento poboacional, especialidades como axuda a domicilio ou atención ás persoas dependentes son tamén moi demandadas.

<http://traballo.xunta.es/portada>



Formación e emprego

Traballo destina 3,2 millóns de euros a concellos e entidades sociais para a contratación de axentes de emprego

- ▶ O Diario Oficial de Galicia publica dúas convocatorias de subvencións que teñen como obxectivo principal o fomento do emprego
- ▶ Por unha banda, o departamento autonómico inviste 2,2 millóns de euros para a contratación, a través de subvencións ás entidades locais, de persoal para o mantemento da Rede de axentes de emprego e desenvolvemento local (AEDL)
- ▶ A segunda liña de subvencións conta cun investimento de preto dun millón de euros para a prórroga da contratación duns 40 axentes de emprego a través de entidades sociais vinculadas á discapacidade e á loita contra a exclusión social

Santiago, 2 de outubro de 2012.- O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica dúas liñas de axudas da Consellería de Traballo e Benestar destinadas ao fomento do emprego, en concreto, á contratación de axentes de emprego e unidades de apoio. Para este fin, o departamento autonómico invertirá en 2012 un total de 3,2 millóns de euros para manter a Rede de axentes de emprego e desenvolvemento local (AEDL), integrada por 300 persoas en 2011, e prorrogar a contratación duns 40 axentes de emprego que traballan a favor da inserción das persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social.

Por unha banda, o departamento

autonómico inviste 2,2 millóns de euros para axudas dirixidas aos concellos co fin de que poidan manter a súa rede de axentes de emprego de desenvolvemento local. Deste xeito, as administracións locais galegas poderán dispoñer de profesionais cualificados que se constitúan nos dinamizadores do emprego nos seus respectivos territorios, promovendo, así, a creación e consolidación de iniciativas emprendedoras.

Ademais, o labor destes axentes de emprego céntrase en potenciar o autoemprego e as empresas de economía social, así como a inserción laboral das persoas desempregadas. En

definitiva, estas persoas promoven novas actividades xeradoras de emprego que repercuten na creación de novos postos de traballo e de alternativas de ocupación laboral.

A finalidade destas axudas é reactivar, sobre todo, a economía das zonas rurais a través da contratación por parte das entidades locais de axentes de emprego e desenvolvemento local.


Nesta convocatoria de axudas establécese este ano como novidade unha graduación das subvencións en función do número de desempregados de cada concello solicitante, primándose especialmente a aqueles que contan con menos de 500 desempregados e que se agrupen para prestación deste servizo e solicitude das axudas. Neste caso, a contía máxima

da subvención poderá chegar ata o 80 por cento dos custos totais. Cabe tamén, ademais, a posibilidade de solicitar as axudas de maneira individual.

A segunda liña de axudas, que sae publicada no DOG, é a destinada a entidades sociais, principalmente as vinculadas ao eido da discapacidade e exclusión social, para a prórroga da contratación duns 40 axentes de emprego e unidades de apoio. Para este fin, a Consellería de Traballo e Benestar conta cun orzamento de preto dun millón de euros. Deste xeito, o Goberno galego está a apoiar os colectivos con maiores dificultades de inserción laboral.

Os interesados en optar a ambas as dúas liñas de axudas contan cun mes de prazo para presentar as súas solicitudes.

[http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia/...](http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia/)



Traballo forma a preto de 200 técnicos en materia de orientación laboral

- ▶ A directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz, participou na presentación desta xornada en Santiago
- ▶ A realización destas actividades permitirán habilitar a máis de 230 técnicos neste ano

Santiago, 3 de outubro de 2012.- A Consellería de Traballo e Benestar organizou unha xornada formativa en Santiago de Compostela na que participaron preto de 200 técnicos sobre orientación laboral, dirixida ao persoal de orientación dos centros colaboradores do Servizo Público de Emprego de Galicia.

A directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz,

participou na presentación desta xornada que tratará sobre asuntos como 'A rede de orientación laboral en Galicia. Novas ferramentas ao seu servizo', 'Fontes de emprego: un buscador de ofertas de emprego', 'A clasificación da demanda de emprego. Os seus parámetros: dispoñibilidade, empregabilidade, ocupabilidade', 'O procedemento de recoñecemento da experiencia profesional. Outra forma de obter

o certificado de profesionalidade' ou 'O emprego por conta propia: a rede de apoio ao cooperativismo e a economía social. O autoemprego e outras iniciativas emprendedoras'.

A Consellería de Traballo e Benestar apoia a realización

de actividades de información, orientación e busca do emprego (accións IOBE) que neste ano permitirán a habilitación de máis de 230 técnicos de orientación, que se encargarán de prestar asesoramento e información aos desempregados.

<http://traballo.xunta.es/iobe>



Informe do paro rexistrado

Galicia rexistrou no mes de outubro un total de 267.812 persoas desempregadas

Santiago, 5 de novembro de 2012.- Galicia pechou o mes de outubro cun total de 267.812 persoas desempregadas, o que supuxo un incremento con respecto ao mes anterior do 3,25 por cento, un total de 8.439 persoas en termos absolutos.

A directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López, cualificou hoxe este dato de negativo. Neste sentido, lembrou que outubro é un mes onde se rexistran tradicionalmente incrementos do desemprego. Con todo, precisou que este aumento mensual –en termos relativos– é o máis baixo rexistrado nun mes de outubro desde 2006.

A responsable desta área autonómica destacou que a evolución interanual é mellor que a



rexistrada na media do Estado. En Galicia, este aumento foi do 10,6 por cento, dúas décimas por debaixo da media estatal (+10,84%).

Se se analizan os datos de desemprego en Galicia por sectores, obsérvase que o sector servizos é o que acumula unha maior subida (+ 6.479 parados), debido ao remate definitivo dos contratos da tempada estival. A continuación sitúase a agricultura e a pesca (+1.723 desempregados); a construción (425 máis) e a industria (+361). Pola súa banda, o número de parados rexistra un descenso no colectivo sen emprego anterior (-549).

Por provincias, o desemprego incrementouse neste mes en todas elas. Onde máis subiu foi en Pontevedra (+3.865); seguida pola Coruña

(+2.217); Ourense (+1.273) e Lugo (+1.084).

No mes de outubro rexistráronse en Galicia un total de 69.540 contratos, 8.583 contratos máis que no mes anterior; deste total, 5.939 foron indefinidos (8,5%) e 63.601 temporais (91,46%).



Política social

Benestar avoga por unha atención temperá a través dun marco normativo que posibilite a intervención múltiple

- ▶ A secretaria xeral de Política Social da Consellería de Traballo e Benestar, Coro Piñeiro, participou na inauguración da xornada 'As Tecnoloxías da Información e a Comunicación no ámbito da Atención Temperá'
- ▶ Coro Piñeiro lembrou que ata a actualidade a atención temperá estivo considerada como unha visión puramente médica e asistencial, mentres que agora se lle incorporou unha visión integral

Santiago, 6 de outubro de 2012.- A secretaria xeral de Política Social da Consellería de Traballo e Benestar, Coro Piñeiro, avogou por un novo paradigma para a atención temperá que facilite aos nenos e nenas e ás súas familias unha atención temperá de xeito continuado, flexible e contextualizado a través dun marco normativo que posibilite a intervención múltiple.

Coro Piñeiro participou na inauguración da xornada 'As Tecnoloxías da Información e a Comunicación no ámbito da Atención Temperá'. Esta xornada ten como obxectivo intercambiar as experiencias e compartir recursos que permitan mellorar o sistema de atención temperá en Galicia.

A secretaria xeral de Política Social lembrou que ata a

actualidade a atención temperá estivo considerada desde unha visión puramente médica e asistencial, mentres que agora se lle incorporou unha visión integral que require a intervención de tres sistemas: o de saúde, o da educación e o dos servizos sociais.

O resultado deste traballo verase reflectido no futuro decreto polo que se regulará a actuación administrativa integral en atención temperá na Comunidade Autónoma de Galicia, que considera a atención temperá como un servizo administrativo integral de responsabilidade pública e de carácter universal, rexido polos principios reitores de

igualdade, coordinación, atención personalizada, autonomía persoal e participación, descentralización e proximidade.

Doutra banda, expuxo que "o aprendizaxe a través das TIC permite flexibilizar a educación, achegala a ámbitos antes dificilmente accesibles e adaptalas ás necesidades de cada neno ou nena". "De aí a importancia de establecer intervencións centradas nas necesidades e demandas tanto das familias coma dos nenos, onde sempre se teña en conta os contextos sociais e os ámbitos nos que se desenvolven", apuntou Piñeiro.

As accións de preparación para a vida en liberdade do Plan de inclusión en Teixeira chegan por vez primeira ás internas

- ▶ O programa, dirixido inicialmente a mozos menores de 30 anos con data próxima de saída do centro, xa se ampliara en 2010 ao eliminar ese límite de idade
- ▶ Agora, oito mulleres participan nun taller de búsqueda de emprego e outras seis asisten a un curso de informática

Santiago, 12 de outubro de 2012.- As accións que o II Plan galego de inclusión social (II PGIS) organiza ou imparte no centro penitenciario de Teixeira contan por primeira vez coa participación de mulleres.

Así, durante os meses de outubro e novembro, técnicos do II Plan galego de inclusión social (II PGIS) imparten un taller de busca activa de emprego dirixido a facilitar aos asistentes estratexias básicas para a busca eficaz dun posto de traballo cando abandonen o centro penitenciario. Esta acción está dirixida a mulleres en idade laboral que saíran en liberdade en menos dun ano, xa sexa pola súa traxectoria

ou pola duración da súa condena, e conta con oito asistentes.

Ao mesmo tempo, dende este mes estase impartindo un curso de alfabetización informática no que, ademais de 34 internos do devandito centro penitenciario, participan por vez primeira 6 internas.

Esta actividade pretende ofrecer aos participantes un coñecemento básico do ordenador ao tempo que se favorece a interacción con persoas maiores voluntarias da Obra Social "Fundación La Caixa", que imparten as sesións.

O curso de informática estenderase ata o mes de xuño. Os asistentes divídense en catro grupos de dez persoas, a periodicidade das clases é semanal e a duración, de unha hora e quince minutos. O perfil dos asistentes é o mesmo que na actividade anterior, persoas en idade laboral cunha data próxima de saída de prisión.

Programa de preparación para a vida en liberdade

O programa de preparación

para a vida en liberdade no centro penitenciario de Teixeira estivo dirixido inicialmente a reclusos menores de 30 anos que, pola súa traxectoria ou pola duración da súa condena, nun prazo medio de tempo optarían a un terceiro grao ou á liberdade.

En marzo de 2010, o programa ampliou os seus potenciais destinatarios eliminando esa idade máxima e comezou ademais a funcionar como un módulo de respecto, cunhas normas de organización e funcionamento dirixidas a responsabilizar os propios internos das tarefas de orde, limpeza e mantemento.

Actualmente están realizando o programa 61 internos e ao longo deste ano 2012 pasaron polo

mesmo 139 reclusos. Cada un dos participantes segue un itinerario personalizado de inserción no que as actividades nas que participa se deciden en función das súas características persoais e sociais.

Entre outras actividades, no marco deste programa, en Teixeira impartíronse xa cursos de alfabetización e apoio á formación regrada, talleres ocupacionais, cursos formativos de monitor deportivo e técnicas de almacen. Tamén actividades preformativas como talleres de habilidades sociais, de resolución de conflitos, de educación para a saúde, de orientación afectivo-sexual, de educación viaria e escola de pais, ademais de charlas e conferencias.

<http://benestar.xunta.es/web/portal/planseprogramas...>



Xuventude e voluntariado

Xuventude forma a máis de 550 voluntarios para que poidan prestar o seu apoio á Federación Galega de Dano Cerebral

- ▶ A Consellería de Traballo e Benestar organizou o curso en liña 'Diario cerebral adquirido e ictus' dirixido a voluntarios e voluntarias e técnicos das entidades inscritas no Rexistro de acción voluntaria de Galicia
- ▶ A actividade forma parte do Plan de Formación da área autonómica que conta este ano con 23 cursos
- ▶ A programación, que inclúe cursos básicos e especializados en diversas materias, elabórase en base ás demandas das entidades de acción voluntaria

Santiago, 26 de outubro de 2012.- Máis de 550 persoas seguiron a través da páxina web voluntariadogalego.org o curso en liña 'Dano cerebral adquirido e ictus', que organizou a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado en colaboración coa Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE).

O curso en liña tivo unha duración de 20 horas, divididas en 2 módulos principais. O obxectivo deste curso foi poder formar a unha bolsa de voluntarios que posteriormente poidan colaborar nas actividades que realiza Fegadace.

Esta actividade forma parte do plan de formación da área de voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar, un documento que conta este ano con 23 cursos,

dos que 14 son presenciais e 9 en liña. A programación, que se elabora en base ás demandas das entidades de acción voluntaria, comprende cursos básicos e especializados en materias tan diversas como pode ser a iniciación ao voluntariado para persoas privadas de liberdade; discapacidade intelectual e calidade de vida; voluntariado ambiental



Benestar celebrará a finais de novembro unhas xornadas sobre emprendemento e autoemprego xuvenil en Santiago

Santiago, 18 de outubro de 2012.- A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado celebrará os próximos 23 e 24 de novembro unhas xornadas sobre desemprego, emprendemento e autoemprego xuvenil en Santiago, unha iniciativa enmarcada dentro do proxecto europeo Xuventude en acción. Poderán participar representantes de asociacións xuvenís, monitores, técnicos de xuventude de entidades públicas, representantes políticos en materia de xuventude, líderes de organizacións estudantis e mozos e mozas non asociados.

Os interesados en tomar parte das xornadas poderán inscribirse a

través do portal <http://xuventude.xunta.es> ata o próximo 9 de novembro. Ofértanse un total de 75 prazas.

O obxectivo da iniciativa é analizar a actual situación de desemprego en Galicia e España valorando a situación dos mozos e mozas e as perspectivas socioeconómicas de futuro. Así mesmo, presentaranse boas prácticas para o fomento da empregabilidade e a inserción laboral, ao tempo que se fomentará a inclusión dos mozos e mozas con menos oportunidades no mercado laboral a través dos programas europeos e rexionais.

Ademais, establecerase un

e patrimonio; emprendemento e habilidades sociais; traballo coa terceira idade e acompañamento hospitalario; u orientación laboral e emprego dende a acción voluntaria.

Os cursos van dirixidos prioritariamente a voluntarios e voluntarias, así como aos técnicos das entidades que se encontren no Rexistro de entidades de acción voluntaria de Galicia, aínda que tamén están abertos á poboación en xeral.

A formación do voluntariado e os equipos técnicos é unha das áreas

prioritarias dentro do Plan galego de acción voluntaria 2011-2014. O obxectivo é fortalecer a capacitación das entidades e dos voluntarios para unha contribución efectiva e de calidade na atención de temas de interese xeral.

As asociacións que engloban esta federación celebrou o Día internacional do dano cerebral con varios actos na Coruña, Lugo, Ourense, Vigo e Santiago, co fin de concienciar á cidadanía da importancia de previr as causas desta enfermidade.

<http://es.fegadace.org/>

Publicacións

Catálogo de publicacións na web

Últimas novidades:



Guía de recursos para as familias

- Esta guía de recursos publícase co obxectivo de facilitar toda a información actualizada sobre todas aquelas axudas e servizos relativos á mellora da calidade de vida de cada un dos membros da unidade familiar: vantaxes fiscais, permisos, centros e outros apoios, tanto da Administración autonómica como da estatal.

Acesso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Guxa_recursos_familias_2012.pdf



Fichas dos colectivos no mercado laboral galego

- Información estruturada a través de fichas nas que se nos proporciona un estudo pormenorizado do mercado laboral galego nos seguintes colectivos de poboación: mulleres traballadoras, traballadores menores de 30 anos, traballadores maiores de 54 anos e traballadores estranxeiros, aportando datos de poboación, paro rexistrado e contratación.

Acesso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/FICHAS_DOS_COLECTIVOS_NO_MERCADO_LABORAL_GALEGO_2012.pdf



Estudo relativo á calidade dietética e nutricional en centros xerontolóxicos de Galicia: adecuación da dieta, especialmente da graxa alimentaria, ás recomendacións vixentes e observacións da resposta na condición física dos residentes

- Este libro coeditado coa Universidade de Santiago de Compostela segue a analizar a dieta proporcionada nun centro xerontolóxico e corrir as desviacións producidas principalmente polas graxas alimentarias sobre as recomendacións vixentes para a poboación española.

Acesso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Estudo_dieta.pdf



Saúde laboral no marisqueo a pé - Salud laboral en marisqueo a pie

- Esta guía, froito do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente insírese como unha das actuacións de desenvolvemento do Programa *Galicia inviste no rural*. Nela danse unhas pautas básicas para a prevención e mellora do traballo diario das persoas que traballan no marisqueo a pé co fin de mellorar a súa saúde e garantir o seu benestar.

Acesso edición en galego:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/GALEGO_guxa_marisqueo_a_px.pdf

Acesso edición en castelán:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/CASTELLANO_guxa_marisqueo_a_pie.pdf



Galicia. Informe do paro rexistrado. Setembro 2012

- Publicación periódica de carácter mensual na que se informa sobre os datos do paro rexistrado nas oficinas de emprego de Galicia.

Acesso:

<http://emprego.xunta.es/cmspro/export/sites/default/documentos/paro201209.pdf>



Tendencias do emprego en Galicia. 1º trimestre 2012

- Publicación periódica de carácter trimestral que informa sobre as variables básicas que determinan a estrutura do mercado laboral en Galicia.

Acesso:

http://emprego.xunta.es/cmspro/export/sites/default/documentos/1TR10I_1T04I1.pdf

As publicacións editadas pola consellería no mes de outubro son as seguintes:

- Fichas dos colectivos no mercado laboral galego
- Desemprego, emprendedurismo e autoemprego xuvenil
- Estudo epidemiolóxico en marisqueo a pé
- Estudio epidemiológico en marisqueo a pie
- Galicia. Informe do paro rexistrado. Setembro 2012
- Tendencias do emprego en Galicia. 1º trimestre 2012
- Lei de acción voluntaria – Lei de xuventude
- Estudo. Realización de horarios
- Estudio. Realización de horarios
- Guía de recursos para as familias. 2012

<http://traballo.xunta.es/publicacions-recursos?activo2=sop4>

Portal de Traballo

Inicio | Subscricións | Mapa do portal | Contacto | Suxestións e queixas | Accesibilidade | GALEGO | CASTELLANO

Consellería

Formación e Cualificacións

Emprego

Relacións Laborais

Cooperativismo e Economía Social

Prevención Riscos Laborais

Buscar

Inicio > Portada > Consellería > Recursos > Publicacións

Publicacións

[IMPRESA / REDE]
Informe de actividade 2011. Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA)
Ano: 2012

[IMPRESA / REDE]
Sinistralidade laboral. Galicia, 2011
Ano: 2012

[ELECTRÓNICA EN REDE]
Saídas profesionais comarcais
Ano: 2012

[ELECTRÓNICA EN REDE]
As persoas con discapacidade no mercado laboral galego 2011
Ano: 2012

[ELECTRÓNICA EN REDE]
Informe sobre o mercado laboral no sector do turismo e a hostalaría en Galicia 2011
Ano: 2012

[ELECTRÓNICA EN REDE]
Recompilación normativa, 2011. Consellería de Traballo e Benestar
Ano: 2012

[ELECTRÓNICA EN REDE]
Rexistro de contratos laborais
Ano: 2012

[ELECTRÓNICA EN REDE]
BITEB. Boletín Informativo de Traballo e Benestar 2012
Ano: 2012

[ELECTRÓNICA EN REDE]
Estadísticas de expedientes de regulación de emprego
Ano: 2011

[IMPRESA / REDE]
Estudo do Mercado Laboral.Galicia
Ano: 2011

Título

Autor

Palabras Clave

ISSN

ISBN

Ano Dende

Seleccione

Ano Ata

Seleccione

Publicación

Seleccione

Área temática

Seleccione

Órgano

Seleccione

Ver Todos


Buscar

DOG

- Orde do 26 de setembro de 2012 pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2012. (DOG nº 188, do 02.10.2012).
- Orde do 27 de setembro de 2012 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego, a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, para a prórroga da subvención para a contratación de axentes de emprego e unidades de apoio e se procede á convocatoria para o ano 2012. (DOG nº 188, do 02.10.2012).
- Orde do 27 de setembro de 2012 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para que as/os mariscadoras/es a pé poidan completar os períodos mínimos de cotización ao réxime especial dos traballadores do mar co obxecto de alcanzar a pensión de xubilación, e se procede á súa convocatoria para o ano 2012. (DOG nº 189, do 03.10.2012).
- Resolución do 2 de outubro de 2012, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se amplía a dotación orzamentaria da Resolución do 27 de febreiro de 2012 pola que se convocan para o ano 2012 as axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero. (DOG nº 191, do 05.10.2012).
- Orde do 25 de setembro de 2012 pola que se convocan as actividades que forman parte do Plan de formación permanente para o persoal das escolas infantís 0-3 de Galicia. (DOG nº 191, do 05.10.2012).
